

<b>DEPARTAMENTO</b>	FÍSICA Y QUÍMICA		
<b>ANEXO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</b>			
<b>Materia</b>	FÍSICA Y QUÍMICA	<b>Curso</b>	2º ESO

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe (competencias imprescindibles)	Criterios de avaliación.
Os que levan involucrados o grao mínimo de consecución, de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na primeira e segunda avaliación	Os que están involucrados no grao mínimo de consecución de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na primeira e segunda avaliación
<b>Unidades impartidas na 1ª e 2ª Avaliación</b>	
Unidade 1: O traballo científico	Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e unidades. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas de seguridade
Unidade 2: Propiedades da materia	Recoñecer as p. xerais e características da materia e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións
Unidade 3: A diversidade da materia	Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas Propor métodos de separación dunha mestura e velos no laboratorio.
Unidade 4: Os estados da materia	Xustificar as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético- molecular
Unidade 5: Os cambios da materia	Diferenciar entre átomos e moléculas e entre elementos e compostos Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante experiencia sinxelas Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas sustancias noutras



## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p>1) Entrega a través da Aula virtual, correo electrónico, e/ou outros medios telemáticos de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Boletíns de exercicios feitos na casa e enviados periodicamente ao profesorado.</li> <li>- Traballos de reforzo relacionados coas unidades impartidas na 1ª e 2ª avaliación e de ampliación sobre unidades non impartidas correspondentes ao currículo da materia.</li> </ul> <p>2) Valoración da constancia na realización do traballo.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Corrección de boletíns con exercicios de distinto tipo (cálculo numérico, de verdadeiro falso e preguntas tipo test) sobre materia da 1ª e 2ª avaliación. Valoración positiva dos traballos relacionados coas unidades impartidas e de ampliación sobre unidades non impartidas correspondentes ao currículo da materia.</p> <p>Valoración da implicación do alumnado a través do seguimento das actividades na aula virtual ou por outros medios a distancia.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>A cualificación final será a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación.</p> <p>A valoración das tarefas e dos traballos presentados subirán a cualificación media obtida (o grao de implicación do alumnado valorase sempre positivamente) . O incremento da media farase en función da calidade de ditas tarefas e traballos.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>A proba de setembro recollerá os estándares mínimos de consecución relativos a 1ª e 2ª avaliación que se recollen na programación xeral para 2º da ESO (páx.. 43)</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Non hai alumnado pendente</p>



### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<b>Actividades</b>	<p>Repaso das tarefas realizadas durante a 1ª e 2ª avaliación. Exercicios e cuestións relativas as unidades impartidas na 1ª e na 2ª avaliación. Realización de traballos de reforzo relacionados coas unidades impartidas na 1ª e 2ª avaliación e de ampliación sobre unidades non impartidas correspondentes ao currículo da materia.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>As actividades que o alumnado debe realizar periodicamente cólganse na aula virtual e/ou a través do correo electrónico e outras plataformas de e-learning tipo Google Classroom, onde se atopan todas as actividades realizadas durante o curso coas súas solucións. Envío de ligazóns de internet para reforzar os estándares e as competencias. Visualización de vídeos e simulacións para axudar a entender algúns conceptos, desenvolver competencias clave, reforzar algunha práctica de laboratorio e resolución de cuestións e problemas.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libro de texto do curso. Apuntes e exercicios da aula virtual e a través doutras plataformas de e-learning. Ligazóns de internet onde aparecen simulacións, vídeos, explicacións, prácticas de laboratorio e cuestións e problemas resoltos.</p>

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Correo electrónico Teléfono. Aula virtual do centro Google Classroom Espazo Abalar</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Web do instituto</p>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**IES AS LAGOAS**  
32009190

DEPARTAMENTO	FÍSICA Y QUÍMICA		
ANEXO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA			
Materia	FÍSICA Y QUÍMICA	Curso	3º ESO

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe (competencias imprescindibles)	Criterios de avaliación.
Os que levan involucrados o grao mínimo de consecución de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na primeira e segunda avaliación	Os que están involucrados no grao mínimo de consecución de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na primeira e segunda avaliación
<u>1ª Avaliación</u> : Unidade 1 (A actividade científica)	-Recoñecer e identificar as características do método científico.
	-Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.
Unidade 2 (Os estados da materia)	Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados.
	Xustificar as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.
	Identificar sistemas materiais como substancias puras ou disolucións.
<u>2ª Avaliación</u> : Unidade 3 (Estrutura atómica)	Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.
	Interpretar a ordenación dos elementos na Táboa Periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.
Unidade 4 (Compostos químicos sen formulación química)	Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.
	Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.



## 1. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Presentación (envío e recepción) de boletíns de exercicios (con problemas e cuestións) Realización de algunha proba tipo test de tipo telemático (sen confiar en que os rapaces a fagan polos seus propios medios).
	<b>Instrumentos:</b> Boletíns de exercicios (con problemas e cuestións) sobre a materia da 1ª e da 2ª avaliación. A realización de tarefas a maiores sobre materia de repaso do curso anterior e que lle serve de base para o vindeiro curso (valorarase sempre positivamente).
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> A cualificación final será a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. A valoración das tarefas presentadas e das probas test realizadas subirán a cualificación media obtida (por valorarse sempre positivamente o grao de implicación do alumnado)
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	A proba de setembro recollerá os estándares mínimos de consecución relativos a 1ª e 2ª avaliación que se recollen na programación xeral para 3º da ESO (páx. 44)
<b>Alumnado de materia pendente Física e Química 2º</b>	<b>Criterios de avaliación:</b> Os mesmos que para setembro
	<b>Criterios de cualificación:</b> Caderniños cos exercicios resoltos. Dúas probas escritas, entran tres temas en cada unha. Antes do 13 de marzo só se realizou a 1ª proba, neste caso os dous alumnos teñen esta parte aprobada, para recuperar a segunda parte deben entregar o segundo caderniño resolto
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> Para a preparación das probas, entrégase a cada alumna/o un caderniño de exercicios (cuestións e problemas) para cada unha das dúas probas sobre os contidos que se esixirán no exame.

<b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Repaso das tarefas realizadas durante a 1ª e 2ª avaliación.            Exercicios e cuestións relativas as materias impartidas na 1ª e na 2ª avaliación.            Elaboración dalgún informe sobre a materia impartida da 1ª e da 2ª avaliación.            Realización de actividades con simuladores en rede.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Inclusión nunha classroom de google, ou a propia aula virtual do centro            Inclusión das explicacións gravadas do propio profesor na classroom ou links desas explicacións.            Envío de enlaces de internet para repasar os estándares.            Realizar actividades en simuladores na rede</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>O libro de texto do alumno.            Apuntes e boletíns de exercicios da aula virtual do Centro.            Simuladores na rede.            A internet, cos seus vídeos aclaratorios, divulgativos, enciclopedias de contidos en rede,....</p>

<b>3. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Por medio dos tutores, ou directamente ós pais se alguén o precisara.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Web do instituto</p>



DEPARTAMENTO	FÍSICA E QUÍMICA		
ANEXO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA			
Materia	FÍSICA E QUÍMICA	Curso	4º ESO

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe (competencias imprescindibles)	Criterios de avaliación.
Os que levan involucrados o grao mínimo de consecución de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na primeira e segunda avaliación	Os que están involucrados no grao mínimo de consecución de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na primeira e segunda avaliación
1ª e 2ª Avaliacións    1.- Estrutura da materia. Átomos e moléculas	<p>Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia.</p> <p>Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na Táboa Periódica e a súa configuración electrónica.</p> <p>Agrupar por familias os elementos dos grupos representativos segundo as recomendacións da IUPAC.</p> <p>Interpretar os distintos tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na Táboa Periódica.</p> <p>Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.</p>
2.- Formulación dos compostos químicos	<p>Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas IUPAC.</p> <p>Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante as distintas fórmulas.</p> <p>Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese.</p>
3.- Reaccións químicas	<p>Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar.</p> <p>Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre a mesma, utilizando o modelo cinético- molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición.</p> <p>Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.</p> <p>Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supoñendo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.</p>





#### **4.- As forzas e o equilibrio dos corpos sólidos**

**Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos a partir de táboas de datos e das leis ou principios involucrados.  
Calcular a resultante dun sistema de forzas concorrentes e analizar os efectos que produce no corpo sobre o que actúa.  
Explicar o funcionamento da panca e as vantaxes da súa utilización.  
Coñecer as condicións de equilibrio de sólidos ríxidos.**



## 2. Avaliación e cualificación

<p><b>Avaliación</b></p>	<p><b>Procedementos:</b>          Rexistro da presentación (envío e recepción) de boletíns de exercicios (con problemas e cuestións).          Realización de algunha proba tipo test de tipo telemático (sen confiar en que os rapaces a fagan polos seus propios medios) do visto na 1ª e 2ª avaliación.</p> <p><b>Instrumentos:</b>          Realización e presentación das tarefas propostas.          Realización dalgunha proba tipo test (sen a confianza de que o alumnado non empregue información durante a proba).          A realización de tarefas a maiores sobre materia de repaso do curso anterior e que lle serve de base para o vindeiro curso (valorarase sempre positivamente).</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b>          A cualificación final será a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación.          A valoración das tarefas presentadas e das probas test realizadas subirán a cualificación media obtida (por valorárense sempre positivamente o grao de implicación do alumnado)</p>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>A proba de setembro recollerá os estándares mínimos de consecución relativos a 1ª e 2ª avaliación que se recollen na programación xeral para 4º da ESO (páx. 45).</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente Física e Química 3º ESO</b></p>	<p><b>Criterios de avaliación:</b>          Os mesmos que para setembro</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b>          Caderniños cos exercicios resoltos.          Dúas probas escritas, entran tres temas en cada unha.          Antes do 13 de marzo só se realizou a 1ª proba, neste caso so unha alumna alumna superou esta proba, que para recuperar a segunda parte debe entregar o segundo caderniño resolto,          Os outros dous alumnos non se presentaron, faráselle unha proba telemática o 20 de maio e entregarán os caderniños resoltos</p> <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b>          Para a preparación das probas, entrégase a cada alumna/o un caderniño de exercicios (cuestións e problemas) para cada unha das dúas probas sobre os contidos que se esixirán no exame.</p>



<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre</b>	
<b>Actividades</b>	Repaso das tarefas realizadas durante a 1ª e 2ª avaliación. Exercicios e cuestións relativas as materias impartidas na 1ª e na 2ª avaliación. Realización de actividades con simuladores na rede. Resolución das dúbidas do alumnado.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Inclusión nunha classroom de google, ou a propia aula virtual do centro Inclusión das explicacións gravadas do propio profesor na classroom ou enlaces desas explicacións. Envío de enlaces de internet a vídeos explicativos ou divulgativos para repasar os estándares. Realizar actividades en simuladores na rede
<b>Materiais e recursos</b>	O libro de texto do alumno. Apuntes e boletíns de exercicios da aula virtual do Centro. Boletíns de actividades complementarios. Simuladores na rede. A internet, cos seus vídeos aclaratorios, divulgativos, enciclopedias de contidos en rede,....

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Por medio dos tutores, ou directamente ós pais se alguén o precisara.
<b>Publicidade</b>	Web do instituto



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**IES AS LAGOAS**  
32009190

DEPARTAMENTO	FÍSICA E QUÍMICA		
ANEXO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA			
Materia	FÍSICA E QUÍMICA	Curso	1º BACHARELATO

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe (competencias imprescindibles)	Criterios de avaliación.
Os que levan involucrados o grao mínimo de consecución de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na 1ª e 2ª avaliación. <b>Unidades impartidas na 1ª e 2ª Avaliación</b>	Os que están involucrados no grao mínimo de consecución de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na 1ª e 2ª avaliación
Unidade 1: A materia na química	<ul style="list-style-type: none"> <li>*Nomear e formular compostos inorgánicos segundo as normas IUPAC.</li> <li>*Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no SI</li> <li>*Comprender a TCM e saber aplicala a sólidos, líquidos e gases.</li> <li>*Utilizar a ecuación de estado dos gases ideais</li> <li>*Realizar os cálculos necesarios para a preparación de disolucións dunha concentración dada e expresala en calquera das formas establecidas e levar a cabo a preparación da mesma.</li> </ul>
Unidade 2: Reaccións químicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>*Formular e nomear correctamente as substancias que interveñen nunha reacción química dada. Levar a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.</li> <li>*Interpretar as reaccións químicas e resolver problemas nos que interveñan reactivos limitantes, reactivos con impurezas.</li> </ul>
Unidade 3: Os compostos do carbono	<ul style="list-style-type: none"> <li>*Recoñecer hidrocarburos saturados e insaturados e aromáticos relacionándoos con compostos de interese biolóxico e industrial.</li> <li>* Identificar compostos orgánicos que conteñan funcións osixenadas e nitroxenadas.</li> <li>*Valorar o papel da química do carbono nas nosas vidas e recoñecer a necesidade de adoptar actitudes e medidas ambientalmente sustentables.</li> </ul>
Unidade 4: Enerxía e espontaneidade das reaccións químicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>*Interpretar o primeiro principio da termodinámica como o principio de conservación da enerxía</li> <li>* Recoñecer a unidade da calor no Sistema Internacional e o seu equivalente mecánico.</li> <li>* Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endo e exotérmicas</li> <li>* Describir as posibles formas de calcular a entalpía dunha reacción química.</li> <li><b>*Distinguir os procesos reversibles e irreversibles e a súa relación coa entropía</b></li> <li>* Predicir, de forma cualitativa e cuantitativa, a espontaneidade dun proceso químico en determinadas condicións a partir da enerxía de Gibbs.</li> </ul>

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe (competencias imprescindibles)	Criterios de avaliación.
Unidade 5: Cinemática	<ul style="list-style-type: none"><li>* Representar graficamente as magnitudes vectoriais que describen o movementos nun sistema de referencia adecuado.</li><li>* Determinar velocidades e aceleracións instantáneas a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.</li><li>* Recoñecer as ecuacións dos movementos rectilíneos e circulares e aplicalas a situacións concretas</li><li>* Identificar o movemento dun móbil nun plano como a composición de dous movementos unidimensionais rectilíneo uniforme (MRU) e/ou rectilíneo uniformemente acelerado (M.R.U.A.).</li><li>* Identificar o movemento dun móbil nun plano como a composición de dous movementos unidimensionais rectilíneo uniforme (MRU) e/ou rectilíneo uniformemente acelerado (M.R.U.A.).</li></ul>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p>1) Entrega a través da Aula virtual, correo electrónico, e/ou outros medios telemáticos de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Boletíns de diferentes tipos de exercicios feitos na casa e enviados periodicamente ao profesorado.</li> <li>- Proposta de resolución de actividades de recuperación da 1ª e/ou a 2ª avaliación para aquel alumnado que a tivera suspendida.</li> <li>- Tarefas de reforzo relacionados coas unidades impartidas na 1ª e 2ª avaliación e de ampliación sobre unidades non impartidas correspondentes ao currículo da materia.</li> </ul> <p>2) Valoración da constancia na realización do traballo.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Corrección de boletíns con actividades de distinto tipo (cálculo numérico, de verdadeiro falso, cuestións teóricas e resolución de problemas) sobre materia da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Corrección da proposta de resolución de actividades de recuperación da 1ª e/ou a 2ª avaliación para aquel alumnado que a tivera suspendida.</p> <p>Valoración positiva das tarefas relacionadas coas unidades impartidas e de ampliación sobre unidades non impartidas correspondentes ao currículo da materia.</p> <p>Valoración da implicación do alumnado a través do seguimento das actividades na aula virtual ou por outros medios a distancia, así como a entrega en prazo das tarefas propostas.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>A cualificación final será a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. As tarefas presentadas e o traballo realizado</p> <p>A valoración das tarefas e dos traballos presentados subirán a cualificación media obtida (o grao de implicación do alumnado valorase sempre positivamente) . O incremento da media farase en función da calidade de ditas tarefas e actividades realizadas polo alumnado</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Unha proba escrita que recollerá os contidos mínimos marcados para cada estándar de aprendizaxe relativos a 1ª e 2ª avaliación, recollidos na programación xeral para 1º de bacharelato (pax 99).</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>Neste curso non hai alumnado coa materia pendente</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<p><b>Actividades</b></p>	<p>1) Realización de actividades de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repaso das tarefas realizadas durante a 1ª e 2ª avaliación.</li> <li>- Exercicios e cuestións relativas as unidades impartidas na 1ª e na 2ª avaliación.</li> <li>- Recuperación da 1ª e/ou a 2ª avaliación para aquel alumnado que a tivera suspendida.</li> <li>- Boletíns de exercicios da aula virtual.</li> <li>- Outros boletíns de cuestións teóricas e resolución de problemas sobre contidos impartidos na 1ª e 2ª avaliación.</li> </ul> <p>2) Resolucións de dúbidas sobre as actividades realizadas a través dos foros de dúbidas do curso da Aula virtual ou a través do correo electrónico.</p> <p>3) Como ampliación (voluntaria), apertura dos temas correspondentes á 3ª avaliación dentro do curso da Aula Virtual do centro con apuntamentos, boletíns de problemas e cuestións, así como a súa solución.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>As actividades que o alumnado debe realizar periodicamente córganse na aula virtual e/ou a través do correo electrónico, onde se atopan todas as actividades realizadas durante o curso coas súas solucións.</p> <p>Envío de ligazóns de internet para reforzar os estándares e as competencias.</p> <p>Visualización de vídeos e simulacións para axudar a entender algúns conceptos, desenvolver competencias clave, reforzar algunha práctica de laboratorio e resolución de cuestións e problemas.</p> <p>Realizar actividades en simuladores na rede.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Apuntes e exercicios da aula virtual e a través doutras plataformas de e-learning.</p> <p>Ligazóns de internet onde aparecen simulacións, vídeos, explicacións, prácticas de laboratorio e cuestións e problemas resoltos.</p> <p>Boletíns de actividades complementarios.</p> <p>A internet, cos seus vídeos aclaratorios, divulgativos, enciclopedias de contidos en rede.</p>

### 4. Información e publicidade

<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<p>Correo electrónico Teléfono. Aula virtual do centro Aplicacións de Google (google drive) Espazo Abalar</p>
<p><b>Publicidade</b></p>	<p>Web do instituto</p>



DEPARTAMENTO	FÍSICA E QUÍMICA		
ANEXO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA			
Materia	FÍSICA	Curso	2º BACHERELATO

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe (competencias imprescindibles)	Criterios de avaliación.
Os que estean relacionados co grao mínimo de consecución dos temas 5, 6, 7 e 8 (Parte do tema 5 e os seguintes é a materia que quedou para impartir despois do 13 de Marzo).	Os relativos ao grao mínimo de consecución dos temas 5, 6, 7 e 8.



## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Envío das tarefas realizadas. Constancia na realización do traballo. Realización de proba telemática (coa mínima certeza de que non utilicen material didáctico) ante a posibilidade da realización dunha proba oral da materia.
	<b>Instrumentos:</b> Probas escritas e o seu envío a classroom Realización de tarefas propostas tanto de repaso como de avance da materia.
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> Farase a media das avaliacións aprobadas (1ª e 2ª), incluírase tamén a nota dos exames que estiveran feitos por escrito antes do 13 de Marzo do 2020 incrementándose a nota polo traballo desenvolvido no período desde o 13 de Marzo en diante.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Farase unha proba escrita que incluírá os contidos mínimos marcados para cada estándar de aprendizaxe xa que terán a realización da proba de ABAU.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<b>Criterios de avaliación:</b>
	<b>Criterios de cualificación:</b>
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b>



### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<b>Actividades</b>	Boletíns de exercicios da aula virtual Exercicios e cuestións, a maiores dos da aula virtual coas correccións. Realización de actividades nos simuladores na rede Visualización de vídeos aclaratorios na rede
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Explicación da materia e resolución de dúbidas Visualización de enlaces a vídeos aclaratorios na rede ou a vídeos divulgativos. Realización de actividades nos simuladores na rede
<b>Materiais e recursos</b>	Temas sobre os contidos do currículo de 2º de Bachelato na aula virtual do centro. Classroom en google na que se inclúen as tarefas a realizar. Vídeos explicativos da Rede e divulgativos que se atoparon nela. Simuladores na Rede, Gravacións das explicacións da profesora. Enciclopedias da rede.

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través dos tutores e directamente cos alumnos ou cos pais que o soliciten.
<b>Publicidade</b>	Web do instituto

<b>DEPARTAMENTO</b>	QUÍMICA		
<b>ANEXO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</b>			
<b>Materia</b>	QUÍMICA	<b>Curso</b>	2º BACHARELATO

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe (competencias imprescindibles)	Criterios de avaliación.
Os que levan involucrados o grao mínimo de consecución de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na 1ª e 2ª avaliación. <b>Unidades impartidas na 1ª e 2ª Avaliación</b>	Os que están involucrados no grao mínimo de consecución de acordo coa programación do curso e relativos as unidades que se viron na 1ª e 2ª avaliación
<b>TEMA 1: ESTRUCTURA ATÓMICA</b>	Analizar cronoloxicamente os modelos atómicos ata chegar ao modelo actual discutindo as súas limitacións e a necesidade dun novo.
	Recoñecer a importancia da teoría mecano cuántica para o coñecemento do átomo.
	Explicar os conceptos básicos da mecánica cuántica: dualidade onda-corpúsculo e incerteza.
	Describir as características fundamentais das partículas subatómicas diferenciando os distintos tipos.
	Establecer a configuración electrónica dun átomo relacionándoa coa súa posición na Táboa Periódica.
	Identificar os números cuánticos para un electrón segundo no orbital no que se atope.
<b>TEMA 2: ENLACE QUÍMICO</b>	Coñecer a estrutura básica do Sistema Periódico actual, definir as propiedades periódicas estudadas e describir a súa variación ao longo dun grupo ou período.
	Utilizar o modelo de enlace correspondente para explicar a formación de moléculas, de cristais e estruturas macroscópicas e deducir as súas propiedades.
	Construír ciclos enerxéticos do tipo Born-Haber para calcular a enerxía de rede, analizando de forma cualitativa a variación de enerxía de rede en diferentes compostos
	Describir as características básicas do enlace covalente empregando diagramas de Lewis e utilizar a TEV para a súa descrición máis complexa.
	Empregar a teoría da hibridación para explicar o enlace covalente e a xeometría de distintas moléculas.
Recoñecer os diferentes tipos de forzas intermoleculares e explicar como afectan ás propiedades de determinados compostos en casos concretos.	

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe (competencias imprescindibles)	Criterios de avaliación.
	<p>Diferenciar as forzas intramoleculares das intermoleculares en compostos iónicos ou covalentes.</p> <p>Coñecer as propiedades dos metais empregando as diferentes teorías estudadas para a formación do enlace metálico.</p> <p>Explicar a posible condutividade eléctrica dun metal empregando a teoría de bandas.</p>
<b>TEMA 3: PROCEDIMENTOS BÁSICOS EN QUÍMICA</b>	<p>Reconecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no SI de unidades.</p> <p>Realizar os cálculos necesarios para a preparación de disolucións dunha concentración dada e expresala en calquera das formas establecidas e levar a cabo a preparación da mesma.</p> <p>Utilizar a ecuación de estado dos gases ideais para establecer relacións entre a presión, volume e a temperatura.</p> <p>Interpretar as reaccións químicas e resolver problemas nos que interveñan reactivos limitantes, reactivos impuros e cuxo rendemento non sexa completo.</p> <p>Aplicar a prevención de riscos no laboratorio de química e coñecer a importancia dos fenómenos químicos e as súas aplicacións aos individuos e á sociedade</p>
<b>TEMA 4: A VELOCIDADE DAS REACCIÓNS QUÍMICAS</b>	<p>Definir velocidade dunha reacción e aplicar a teoría das colisións e do estado de transición utilizando o concepto de enerxía de activación.</p> <p>Coñecer que a velocidade dunha reacción química depende da etapa limitante segundo o seu mecanismo de reacción establecido.</p> <p>Xustificar como a natureza e concentración dos reactivos, a temperatura e a presenza de catalizadores modifican a velocidade de reacción.</p>
<b>TEMA 5: EQUILIBRIO QUÍMICO</b>	<p>Aplicar o concepto de equilibrio químico para predicir a evolución dun sistema.</p> <p>Expresar matematicamente a constante de equilibrio dun proceso, no que interveñen gases, en función da concentración e das presións parciais.</p> <p>Relacionar <math>K_c</math> e <math>K_p</math> en equilibrios con gases, interpretando o seu significado e resolver problemas de equilibrios homoxéneos en reaccións gasosas.</p> <p>Aplicar o principio de Le Chatelier a distintos tipos de reaccións tendo en conta o efecto da temperatura, a</p>

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe (competencias imprescindibles)	Criterios de avaliación.
	presión, o volume e a concentración das substancias presentes predicindo a evolución do sistema.
	Valorar a importancia que ten o principio de Le Chatelier en diversos procesos industriais.
	Resolver problemas de equilibrios heteroxéneos, con especial atención aos de disolución-precipitación.
	Explicar como varía a solubilidade dun sal polo efecto dun ion común.
	Valorar as aplicacións analíticas e industriais das reaccións de precipitación.
<b>TEMA 6: REACCIÓNS ÁCIDO-BASE</b>	Aplicar a teoría de Brönsted para recoñecer as substancias que poden actuar como ácidos ou bases.
	Determinar o valor do pH de distintos tipos de ácidos e bases.
	Explicar as reaccións ácido-base e a importancia dalgunha delas así como as súas aplicacións prácticas.
	Xustificar o pH resultante na hidrólise dun sal.
	Utilizar os cálculos estequiométricos necesarios para levar a cabo unha reacción de neutralización ou volumetría ácido-base.
Coñecer as distintas aplicacións dos ácidos e bases na vida cotiá tales como produtos de limpeza, cosmética, etc.	



## 2. Avaliación e cualificación

<p><b>Avaliación</b></p>	<p><b>Procedementos:</b> 1) Entrega a través da Aula virtual, correo electrónico, e/ou outros medios telemáticos de: - Boletíns de diferentes tipos de cuestións e problemas feitos na casa. - Proposta de resolución de actividades de recuperación da 1ª e/ou a 2ª avaliación para aquel alumnado que a tivera suspendida. - Tarefas de reforzo relacionados coas unidades impartidas na 1ª e 2ª avaliación e de ampliación sobre unidades non impartidas correspondentes ao currículo da materia. 2) Valoración da constancia na realización do traballo.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b> Autocorrección de boletíns con actividades de distinto tipo (cálculo numérico, de verdadeiro falso, cuestións teóricas e resolución de problemas) sobre materia da 1ª e 2ª avaliación e dos temas que quedaron sen impartir. Corrección da proposta de resolución de actividades de recuperación da 1ª e/ou a 2ª avaliación para aquel alumnado que a tivera suspendida. Valoración positiva das tarefas relacionadas coas unidades impartidas e de ampliación sobre unidades non impartidas correspondentes ao currículo da materia. Valoración da implicación do alumnado a través do seguimento das actividades na aula virtual ou por outros medios a distancia, así como a entrega en prazo das tarefas propostas.</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> A cualificación final será a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. A valoración das tarefas e dos traballos presentados subirán a cualificación media obtida (o grao de implicación do alumnado valorase sempre positivamente) . O incremento da media farase en función da calidade de ditas tarefas e actividades realizadas polo alumnado.</p>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>Unha proba escrita que recollerá os contidos mínimos marcados para cada estándar de aprendizaxe relativos a 1ª e 2ª avaliación, recollidos na programación xeral para 1º de bacharelato (pax 99).</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p><b>Criterios de avaliación:</b> Os mesmos que para setembro</p>
	<p><b>Criterios de cualificación:</b> Caderniños cos exercicios resoltos. Dúas probas escritas(1ª Química e 2ª de física) Antes do 13 de marzo só se realizou a 1ª proba, neste caso as tres alumnas teñen esta parte aprobada, para recuperar a segunda parte deben entregar o Caderniño de física resloto</p>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> Para a preparación das probas, entrégase a cada alumna/o un caderniño de exercicios (cuestións e problemas) para cada unha das dúas probas sobre os contidos que se esixirán no exame.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre</b>	
<b>Actividades</b>	1) Realización de actividades de: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repaso das tarefas realizadas durante a 1ª e 2ª avaliación.</li> <li>- Exercicios e cuestións relativas as unidades impartidas na 1ª e na 2ª avaliación.</li> <li>- Recuperación da 1ª e/ou a 2ª avaliación para aquel alumnado que a tivera suspendida.</li> <li>- Boletíns de exercicios da aula virtual.</li> <li>- Outros boletíns de cuestións teóricas e resolución de problemas sobre contidos impartidos na 1ª e 2ª avaliación e tamén dos temas que quedaron sen impartir.</li> </ul> 2) Resolucións de dúbidas sobre as actividades realizadas a través dos foros de dúbidas do curso da Aula virtual, do correo electrónico e de vídeo conferencias. 3) Apertura dos temas que quedaron sen impartir, da 3ª avaliación dentro do curso da Aula Virtual do centro con apuntamentos, boletíns de problemas e cuestións, así como a súa solución.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	As tarefas que o alumnado debe realizar periodicamente cólganse na aula virtual e/ou a través do correo electrónico, onde se atopan todas as actividades realizadas durante o curso coas súas solucións. Envío de ligazóns de internet para reforzar os estándares e as competencias. Visualización de vídeos e simulacións para axudar a entender algúns conceptos, desenvolver competencias clave, reforzar algunha práctica de laboratorio e resolución de cuestións e problemas. Utilización da aplicación webex de reunións por vídeo conferencia para aclaracións de conceptos e resolución de dúbidas. Realizar actividades en simuladores na rede.
<b>Materiais e recursos</b>	Apuntes e exercicios da aula virtual e a través doutras plataformas de e-learning. Ligazóns de internet onde aparecen simulacións, vídeos, explicacións, prácticas de laboratorio e cuestións e problemas resoltos. Boletíns de actividades complementarios. A internet, cos seus vídeos aclaratorios, divulgativos, enciclopedias de contidos en rede. Ferramenta Webex para reunións por vídeo conferencia

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Correo electrónico Teléfono. Aula virtual do centro Aplicacións de Google (google drive) Espazo Abalar
<b>Publicidade</b>	Web do instituto